

Suecia: Socialmedicin.
 Reino Unido: Public Health Medicine.
 Grecia: Κοινωνική Ιατρική.
 Austria: Sozialmedizin.
 Finlandia: Terveystiete/hälsövärd.
 Islandia: Embættislæknir.
 Liechtenstein: Prävention und Gesundheitswesen.
 Noruega: Samfunnsmedisin.

ANEXO III

Condicions de formación dos médicos

1. A formación acreditada debe comportar:
 - a) Un coñecemento axeitado das ciencias nas que se funda a medicina, así como unha boa comprensión dos métodos científicos incluídos os principios de medida das funcións biolóxicas, da avaliación dos feitos cientificamente probados e da análise de datos.
 - b) Un coñecemento axeitado da estrutura, das funcións e do comportamento dos seres humanos, sans e enfermos, así como das relacións entre o estado de saúde do home e o seu contorno físico ou social.
 - c) Un coñecemento suficiente das materias e das prácticas clínicas que lle proporcione unha visión coherente das enfermidades mentais e físicas, da medicina nos seus aspectos preventivo, do diagnóstico e terapéutica, así como da reprodución humana.
 - d) Unha experiencia clínica axeitada adquirida en hospitais baixo a vixilancia pertinente.
2. Esta formación médica total comprenderá, polo menos, seis anos de estudos ou cinco mil cincocentas horas de ensinanza teórica e práctica impartidas nunha universidade ou baixo o control dunha universidade.

ANEXO IV

Condicions de formación dos médicos especialistas

1. A formación que permita a obtención dun diploma, certificado ou outro título de médico especialista responderá, polo menos, ás condicións seguintes:
 - a) Co cumprimento e validación, previos, de seis anos de estudos no marco do ciclo de formación de médico, coas condicións mencionadas no anexo III.
 - b) Recibindo un ensino teórico e práctico.
 - c) Desenvolvendo unha formación a tempo completo e baixo o control das autoridades ou organismos competentes.
 - d) Levando a cabo a formación nun centro universitario, nun centro hospitalario e universitario ou, se é o caso, nun establecemento sanitario autorizado para tal fin polas autoridades ou organismos competentes.
 - e) Realizando a formación en postos específicos recoñecidos polas autoridades competentes.
 - f) Participando persoalmente, como médico candidato a especialista, na totalidade das actividades médicas dos servizos, incluídas as gardas, e nas responsabilidades dos servizos de que se trate.
 - g) Dedicando a esta formación práctica e teórica toda a súa actividade profesional durante toda a semana de traballo e durante todo o ano.
 - h) Recibindo unha retribución adecuada.
2. A concesión dun diploma, certificado ou outro título de médico especialista subordinase á posesión dun dos diplomas, certificados ou outros títulos de médico.
3. A duración mínima das formacións especializadas citadas a continuación non serán inferiores ás que se especifican en cada caso:

Cinco anos: Cirurxía Xeral, Neurocirurxía, Medicina Interna, Uroloxía, Ortopedia, Cirurxía Plástica Reparado

ra, Cirurxía Torácica, Cirurxía Pediátrica, Cirurxía dos Vasos, Cirurxía Maxilofacial.

Catro anos: Xinecoloxía-Obstetricia, Pediatría, Medicina das Vías Respiratorias, Cardioloxía, Aparello Dixectivo, Neuroloxía, Reumatoloxía, Psiquiatría, Bioloxía Clínica, Radiodiagnóstico, Oncoloxía Radioterápica, Farmacoloxía, Microbioloxía-Bacterioloxía, Anatomía Patolóxica, Química Biolóxica, Inmunoloxía, Xeriatría, Enfermidades Renais, Hematoloxía e Hemoterapia, Medicina Nuclear, Neurofisioloxía, Medicina Preventiva e Saúde Pública.

Tres anos: Anestesia-Reanimación, Oftalmoloxía, Otorrinolaringoloxía, Endocrinoloxía e Nutrición, Rehabilitación, Estomatoloxía, Dermatovenereoloxía, Alergoloxía.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4698 *REAL DECRETO 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.* («BOE» 61, do 11-3-2000.)

O Parlamento Europeo na súa Resolución do 20 de febreiro de 1987, sobre a política relativa ó benestar dos animais de cría, instou a Comisión a presentar propostas de normativas comunitarias que abranguerán os aspectos xerais da cría de animais en explotacións gandeiras.

A declaración número 24, anexa á acta final do Tratado da Unión Europea, invita as institucións europeas e os estados membros a teren plenamente en conta, ó elaboraren e aplicaren lexislación comunitaria, especialmente no ámbito da política agraria común, as esixencias de benestar dos animais.

O Convenio Europeo do 10 de marzo de 1976, ratificado por España mediante Instrumento do 21 de abril de 1988, recolle as normas mínimas sobre protección de animais en explotacións gandeiras.

A Unión Europea, como consecuencia de que tódolos estados membros ratificaron o citado convenio europeo de protección dos animais en explotacións gandeiras, procedeu á súa aprobación e a depositalo instrumento de aprobación correspondente.

A Unión Europea, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e a invitación da Declaración número 24 do Tratado da Unión Europea e considerando que, como parte contratante, ten a obriga de aplica-los principios establecidos no Convenio de protección dos animais en explotacións gandeiras, procedeu a adoptar-la Directiva 98/58/CE, que inclúe os principios de provisión, estabulación, comida, auga e coidados adecuados ás necesidades fisiolóxicas e etolóxicas dos animais, de acordo coa experiencia adquirida e os coñecementos científicos.

Desta forma, preténdese protexe-los animais nas explotacións gandeiras, así como evitar distorsións no desenvolvemento da produción e propicia-lo bo funcionamento da organización do mercado de animais.

Faise necesaria, por tanto, a incorporación ó ordenamento xurídico español da Directiva 98/58/CE, que se efectúa a través do presente real decreto, que ten carácter de normativa básica, dictado ó abeiro das competencias atribuídas ó Estado con carácter exclusivo no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, sobre bases

e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de marzo de 2000,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto establece normas mínimas para a protección dos animais nas explotacións gandeiras.

2. O presente real decreto non se aplicará a:

- a) Animais que vivan no medio natural.
- b) Animais destinados a participar en competicións, exposicións ou actos ou actividades culturais ou deportivos.
- c) Animais para experimentos ou de laboratorio.
- d) Animais invertebrados.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do presente real decreto, entenderase por:

- 1) Animal: todo animal (incluídos os peixes, os réptiles e os anfibios) criado ou mantido para a produción de alimentos, la, coiro, peles ou con outros fins agrícolas.
- 2) Propietario ou criador: calquera persoa física ou xurídica que sexa responsable ou estea a cargo de animais permanente ou temporalmente.
- 3) Autoridade competente: no ámbito das súas respectivas competencias, a Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e os órganos competentes das comunidades autónomas.

Artigo 3. *Obrigas dos propietarios ou criadores.*

Os propietarios e criadores de animais nas explotacións gandeiras terán as seguintes obrigas:

- a) Adopta-las medidas adecuadas para asegura-lo benestar dos animais con vistas a garantir que estes non padezan dores, sufrimentos nin danos inútiles.
- b) Que as condicións en que se crían ou se manteñan os animais (distintos dos peixes, réptiles e anfibios), tendo en conta a súa especie e grao de desenvolvemento, adaptación e domesticación, así como as súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas de acordo coa experiencia adquirida e os coñecementos científicos, se atean ás especificacións establecidas no anexo deste real decreto.

Artigo 4. *Inspeccións.*

1. Nas inspeccións e actuacións que realicen as autoridades competentes comprobarán o cumprimento das disposicións deste real decreto.

2. Para efectos do cumprimento da obriga de informa-la Comisión Europea, sobre a protección dos animais nas explotacións gandeiras en todo o territorio nacional, os órganos competentes das comunidades autónomas elaborarán un informe sobre as inspeccións nesta materia realizadas no seu territorio, coa frecuencia, o formato e o contido que estableza o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a instancias da Comisión Europea, e por primeira vez na data que se determine.

3. Coa información subministrada, a Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación confeccionará un informe que será remitido á Comisión a través da canle correspondente.

Artigo 5. *Controis da Comisión Europea.*

1. Cando a Comisión Europea realice inspeccións sobre o terreo nas explotacións gandeiras no territorio nacional, será acompañada nas ditas inspeccións por expertos designados pola Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Cando se realicen as ditas inspeccións os órganos competentes das comunidades autónomas deberánlles prestar ós expertos da Comisión Europea e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación toda a asistencia que necesiten para o cumprimento do seu cometido.

3. O resultado dos controis efectuados nas diferentes comunidades autónomas e servizos centrais deberán discutirse entre os expertos veterinarios da Comisión e os expertos veterinarios da Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes da elaboración e difusión do informe definitivo.

4. Os órganos competentes das comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para ter en conta os resultados das inspeccións que se establezan no informe definitivo.

Artigo 6. *Incumprimento das obrigas.*

O incumprimento do previsto no presente real decreto será sancionado de acordo co disposto na normativa vixente aplicable en cada caso.

Disposición adicional primeira. *Natureza básica.*

O presente real decreto terá natureza básica e dítase ó abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 16.^a, da Constitución, polos que se lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición adicional segunda. *Normativa vixente.*

O presente real decreto aplicarase sen prexuízo das demais normas específicas de benestar aplicables a determinadas especies e, en particular, a Orde do 21 de outubro de 1987 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, pola que se establecen normas mínimas para a protección de galiñas poñedoras en batería, modificada polas ordes do 29 de xaneiro de 1990 e pola do 21 de xuño de 1991; o Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección dos xatos, modificado polo Real decreto 229/1998, e o Real decreto 1048/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos, que seguirán sendo aplicables.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento normativo.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito da súa competencia, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento da presente disposición.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de marzo de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
JESÚS POSADA MORENO

ANEXO

1. Persoal.

Os animais serán coidados por un número suficiente de persoal que posúa a capacidade, os coñecementos e a competencia profesional necesarios.

2. Inspeccións ou controis que efectuará o propietario ou criador.

a) Tódolos animais mantidos en criadeiros nos que o seu benestar dependa de atención humana frecuente serán inspeccionados unha vez ó día, como mínimo. Os animais criados ou mantidos noutros sistemas serán inspeccionados a intervalos suficientes para evitarlles calquera sufrimento.

b) Dispoñeráse de iluminación apropiada (fixa ou móbil) para poder levar a cabo unha inspección completa dos animais en calquera momento.

c) Todo animal que pareza enfermo ou ferido recibirá inmediatamente o tratamento apropiado e, en caso de que o animal non responda a estes coidados, consultarase cun veterinario o antes posible. En caso necesario, os animais enfermos ou feridos illaranse en lugares adecuados que contén, se é o caso, con aloxamentos apropiados en función da especie, adaptación e domesticación desta, necesidade fisiolóxica, experiencias adquiridas e entre elas a experiencia productiva, e a evolución dos coñecementos científicos.

3. Constancia documental.

a) O propietario ou criador dos animais levará un rexistro no que se indique calquera tratamento médico prestado, así como o número de animais mortos descubertos en cada inspección.

En caso de que teña que conservar información equivalente para outros fins, esta abundará tamén para efectos deste real decreto.

b) Os ditos rexistros manteranse durante tres anos como mínimo e poranse á disposición do órgano competente da comunidade autónoma cando realice unha inspección ou cando os solicite.

4. Liberdade de movementos.

Non se limitará a liberdade de movementos propia dos animais de maneira que se lles cause sufrimento ou danos innecesarios, tendo en conta neste sentido a especie, o seu grao de adaptación e domesticación, así como as súas necesidades fisiolóxicas de conformidade coas experiencias adquiridas e entre elas a experiencia productiva e o avance dos coñecementos científicos.

Cando os animais se atopen atados, encadeados ou retidos continua ou regularmente, proporcionaráselles un espazo adecuado ás súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas, de conformidade coas experiencias adquiridas e entre elas, a experiencia productiva, e cos coñecementos científicos, en función da especie e grao de desenvolvemento, adaptación e domesticación desta.

5. Edificios e cortes.

a) Os materiais que se utilicen para a construción de cortes e, en particular, de recintos e de equipos cos que os animais poidan estar en contacto, non deberán ser prexudiciais para os animais e deberán poderse limpar e desinfectar a fondo.

b) As cortes e accesorios para ata-los animais construíranse e manteranse de forma que non presenten bordes afiados nin saíntes, que lles poidan causar feridas ós animais.

c) A circulación do aire, o nivel de po, a temperatura, a humidade relativa do aire e a concentración de gases

deben manterse dentro dos límites que non sexan prexudiciais para os animais.

d) Os animais albergados nas instalacións non se manterán en escuridade permanente ni estarán expostos sen unha interrupción adecuada á luz artificial. En caso de que a luz natural de que se dispoña resulte insuficiente para satisfacer as necesidades fisiolóxicas e etolóxicas dos animais, deberá facilitarse iluminación artificial adecuada. En calquera caso, e para un fiel cumprimento do sinalado na Directiva 98/50, deberase ter sempre en conta a especie que se vai considerar e o seu grao de desenvolvemento filoxenético, adaptación e domesticación, ademais das súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas en función da experiencia adquirida e, entre elas, a experiencia productiva e o avance dos coñecementos científicos.

6. Animais mantidos ó aire libre.

Na medida en que sexa necesario e posible, o gando mantido ó aire libre será obxecto de protección contra as inclemencias do tempo, os depredadores e o risco de enfermidades.

7. Equipos automáticos ou mecánicos.

Tódolos equipos automáticos ou mecánicos indispensables para a saúde e o benestar dos animais inspeccionaranse polo menos unha vez ó día. Cando se descubran deficiencias, emendaranse de contado ou, se iso non for posible, tomaranse as medidas adecuadas para protexer-la saúde e o benestar dos animais.

Cando a saúde e o benestar dos animais dependan dun sistema de ventilación artificial, deberá preverse un sistema de emerxencia apropiado (apertura de ventás ou outros), que garanta unha renovación de aire suficiente para protexer-la saúde e o benestar dos animais en caso de fallo do sistema, e deberá contarse cun sistema de alarma que advirta en caso de avaría. O sistema de alarma deberá verificarse con regularidade.

8. Alimentación, auga e outras substancias.

a) Os animais deberán recibir unha alimentación sa que sexa adecuada á súa idade e especie e en suficiente cantidade co fin de mante-lo seu bo estado de saúde e de satisfacer as súas necesidades de nutrición, e considerando, en calquera caso, as súas necesidades fisiolóxicas, de acordo coas experiencias adquiridas, entre elas o avance da experiencia productiva e o progreso dos coñecementos científicos. Non se subministrarán a ningún animal alimentos nin líquidos de maneira que lles ocasionen sufrimentos ou danos innecesarios e os seus alimentos ou líquidos non conterán substancias de ningunha clase que poidan causarlles sufrimentos ou danos innecesarios.

b) Tódolos animais deberán ter acceso ós alimentos a intervalos adecuados ás súas necesidades fisiolóxicas, tendo en conta as experiencias adquiridas e entre elas a experiencia productiva e o avance dos coñecementos científicos.

c) Tódolos animais deberán ter acceso a unha cantidade suficiente de auga de calidade adecuada ou deberán poder satisfacer-la súa inxesta líquida por outros medios.

d) Os equipos para a subministración de alimentos e auga estarán concibidos, construídos e situados de tal forma que se reduza ó máximo o risco de contaminación dos alimentos e da auga e as consecuencias prexudiciais que se poidan derivar da rivalidade entre os animais.

e) Non se lle administrará a ningún animal ningunha outra substancia, a excepción das administradas con fins terapéuticos ou profilácticos ou para tratamento zootécnico.

Enténdese por tratamento zootécnico a administración, con carácter individual, a un animal de explotación, dunha das substancias autorizadas en aplicación do artigo 4 do Real decreto 1373/1997, do 29 de agosto, polo que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostáticos e substancias β -agonistas de uso na cría do gando, para a sincronización do ciclo estral e a preparación das doadoras e as receptoras para a implantación de embrións, logo dun recoñecemento do animal efectuado por un veterinario ou, de conformidade co parágrafo terceiro do artigo 4, do mencionado Real decreto 1373/1997, baixo a súa responsabilidade. No caso de animais de acuícultura, a un grupo de reprodutores para inversión sexual, por prescripción dun veterinario e baixo a súa responsabilidade.

Todo iso, a non ser que os estudos científicos ou a experiencia adquirida demostren que a substancia non resulta prexudicial para a saúde ou o benestar do animal.

9. Mutilacións.

En espera da adopción de disposicións específicas en materia de mutilacións, e sen prexuízo do establecido no Real decreto 1048/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos, aplícanse as disposicións nacionais na materia sempre que se respecten as normas xerais do Tratado.

10. Procedemento de cría.

a) Non se deberán utilizar procedementos de cría, naturais ou artificiais, que ocasionen ou poidan ocasionar sufrimentos ou feridas a calquera dos animais afectados.

Esta disposición non excluírá o uso de determinados procedementos que poidan causar sufrimento ou feridas de pouca importancia ou momentáneos ou que poidan requirir intervención sen probabilidade de causar un

dano duradeiro, sempre que estean permitidos polas disposicións nacionais.

b) Ningún animal se manterá nunha explotación con fins gandeiros, agás que existan fundamentos para esperar, sobre a base do seu xenotipo e fenotipo, que pode manterse na explotación, sen consecuencias prexudiciais para a súa saúde ou benestar, de conformidade coas experiencias adquiridas e, entre elas, a experiencia productiva e o avance dos coñecementos científicos, e en función da especie, grao de desenvolvemento, adaptación e domesticación desta.

XEFATURA DO ESTADO

5478 *CORRECCIÓN de erratas da Lei 54/1999, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2000.* («BOE» 70, do 22-3-2000.)

Advertidas erratas no texto da Lei 54/1999, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2000, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento núm. 1 en lingua galega, do 20 de xaneiro de 2000, procédese a face—las oportunas modificacións:

Na páxina 70, segunda columna, artigo 44, punto tres, cadro de complementos para mínimos, liña de pensión de viuvez, onde di: «838.860 pesetas/ano», debe dicir: «839.860 pesetas/ano».

Na páxina 78, primeira columna, artigo 70, punto un, parágrafo 2.º, liña terceira, onde di «Grupo 975. Servicios de enmarcación.», debe dicir: «Grupo 975. Servicios de enmarcación. Cota mínima municipal de:».